



D/8

Dna. Adela Miguéns Muñiz, secretaria/delegada da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

CERTIFICO: Que polo Consello Reitor, en sesión celebrada o día **24 DE XULLO DE 2018,** adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS CONCESIÓNS E O SEU RECOÑECIMENTO DA OBRIGA DE SUBVENCÍONS CONFORME AS BASES DA CONVOCATORIA DO EXERCICIO 2018, CORRESPONDENTES ÁS SUBVENCÍONS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2017.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das solicitudes presentadas polos Clubes/Entidades Deportivas, para a aprobación da concesión e o seu recoñecemento da obriga, conforme as BASES DA CONVOCATORIA DO EXERCICIO 2016 CORRESPONDENTES ÁS SUBVENCÍONS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2017, aprobadas polo Consello Reitor en sesión con data 18/01/2018 e publicadas no B.O.P. o día 02/02/2018, cunha consignación por importe total de 30.000,00 €. Así como dáse conta dos informes da Sra. Interventora Xeral de cada unha das solicitudes presentadas.

Procédese a examinar os expedientes e as xustificacións presentadas polos Clubes/Entidades Deportivas, producíndose un pequeno debate sobre o asunto e, unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar a concesión a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan e pola cantidades seguintes, por importe total de 30.000,00 €, con cargo á partida 341-483,01:

| CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA | ACTIVIDADE | IMPORTE |
|--------------------------------|--|----------------|
| - ASOC. DEP. E C. ENCESTARÍAS | . III TORNEO ENCESTARÍAS | 6.000,00 € |
| - AGRUPACIÓN DEPOR. CORTEGADA | . XIV MEMORIAL MIGUEL ÁNGEL. GONZÁLEZ ESTÉVEZ | 3.400,00 € |

| | | |
|------------------------------|--|-------------|
| - ASOC. DEP. AROUSA FÚTBOL-7 | . XXII TORNEO AROUSA F-7 | 10.000,00 € |
| - CLUB AROSA, S.C. | . VI TORNEO F-8 CIDADE VILAG. | 4.500,00 € |
| - CLUB VILAROUA XIMNASIA | I TORNEO XIMNASIA RÍTMICA VILAROUA | 150,00 € |
| - AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ | . IITROFEO ATLETISMO CIDADE DE VILAGARCÍA | 800,00 € |
| - CLUB VILAGARCÍA, S.D. | II TORNEO BENXAMÍN PAZO DA GOLPELLEIRA | 150,00 € |
| - CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA | . XXII VILAGARCÍA BASKET CUP | 4.600,00 € |
| - BASKET BASE CLUB | . DÍA DO MINIBASKET | 400,00 € |

2.- Non conceder subvención aos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, polos seguintes motivos:

- CLUB CICLISTA XIABRE, para a organización da XXII MARCHA CICLOTURISTA AROUSÁ, dado que conforme a documentación presentada, o importe xustifico e menor que o importe de subvencións de administracións públicas.

- AGRUPACIÓN DEP. E CULT. RASPA, para a organización do CAMPIONATO GALEGO INDIVIDUAL PESCA SUBMARIÑA, dado que non presentou ningún xustificante de pago conforme as devanditas bases.

- CLUB DEPORNAUTIC AROUSA, para a organización da I REGATA CIDADE DE VILAGARCÍA DE PIRAGÜISMO, dado que consta unha Resolución do Sr. presidente de aprobación da coorganización da devandita Regata.

- CLUB SAN MARTÍN, para a organización do I CAMPUS CLUB SAN MARTÍN, conforme ao informe do Sr. director Deportivo, ao ser considerado unha actividade formativa, sen ningunha proba competitiva de carácter deportivo.

3.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, que presentan toda a documentación xustificativa correcta, con cargo á partida 341-483,01.

| CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA | ACTIVIDADE | IMPORTE |
|--------------------------------|--|----------------|
| - ASOC. DEP. E C. ENCESTARÍAS | . III TORNEO ENCESTARÍAS | 6.000,00 € |
| - AGRUPACIÓN DEPOR. CORTEGADA | . XIV MEMORIAL MIGUEL ÁNGEL. GONZÁLEZ ESTÉVEZ | 3.400,00 € |
| - ASOC. DEP. AROUSA FÚTBOL-7 | . XXII TORNEO AROUSA F-7 | 10.000,00 € |
| - CLUB AROSA, S.C. | . VI TORNEO F-8 CIDADE VILAG. | 4.500,00 € |



| | | |
|------------------------------|--|------------|
| - CLUB VILAROUA XIMNASIA | I TORNEO XIMNASIA RÍTMICA VILAROUA | 85,50 € |
| - AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ | . IITROFEO ATLETISMO CIDADE DE VILAGARCÍA | 800,00 € |
| - CLUB VILAGARCÍA, S.D. | II TORNEO BENXAMÍN PAZO DA GOLPELLEIRA | 150,00 € |
| - CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA | . XXII VILAGARCÍA BASKET CUP | 4.600,00 € |
| - BASKET BASE CLUB | . DÍA DO MINIBASKET | 400,00 € |

4.- Anular parte da subvención concedida ao Club Vilaroua Ximnasia, para a organización do I TORNEO XIMNASIA RÍTMICA VILAROUA, por importe de 64,50 €, conforme ao artigo 6.2 a das devanditas bases, que dí literalmente o seguinte: “6.2 a.- Para a xustificación da subvención será necesario a presentación da totalidade das facturas ata completar o 100% do balance económico presentado na súa solicitude do evento subvencionado, para recibir a totalidade da subvención, requeríndose a xustificación do pago dalgunhas das facturas ata completar un importe igual ou superior á subvención concedida. No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100% do presuposto subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.”

E para que conste ca súa unión ó expediente, expido a presente, en Vilagarcía de Arousa, a once de maio de dous mil dezasete.



